

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 18 de outubro de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día dezaioito de outubro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34261.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 11 de outubro de 2024.

2.34262.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO PAZOS DE BORBÉN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-2702 AMOEDO-OS VALOS DENDE O P.Q. 6+550 ATA O P.Q. 7+980.” (Expte. 2023024662)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP-2702

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980.”, no termo municipal de Pazos de Borbén.

A actuación proxectada está xustificada e dirixida cara á mellora da seguridade viaria, establecéndose como principal obxectivo o alargamento da plataforma e a mellora das condicións xeométricas en determinados tramos que presentan parámetros mínimos, dificultando unha circulación cómoda e segura, polo que se proxecta a rectificación de varias aliñacións curvas

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	739.558,32 €
IVE 21%	220.907,03
Presuposto base de licitación con IVE	960.465,35 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente certificado do Acordo do Concello de Pazos de Borbén de data 02.10.2024 no que se aproba o convenio remitido e asume o compromiso da achega municipal para a execución do proxecto no relativo ás expropiacións (CSV: AXW6HTSGK5HHZQNP3SYJP62HS).

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

O convenio foi rexistrado na plataforma Cividas (nº2024000235).

No expediente consta:

Proxecto da actuación da que é obxecto o presente convenio de data 18.09.2023 e que se identifica no expediente co CSV: CNSZYAAL8527JJ74.

Resolución da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil de data 23.09.2024 e que se identifica co CSV: OUHOULFY403CS2IM

Informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais de data 09.07.2024 no que se xustifica o grao de prioridade da actuación e as porcentaxes de financiamento CSV: 1SWHOG636SJSJXN.

Informe favorable de supervisión de data 08.10.2024 e asinada por técnico da Deputación CSV ASI7426FIZ3J5RAQ.



Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios. O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.



- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

Os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	960.465,35 €	100 %
Total investimento	960.465,35 €	100 %

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras, situadas en Pazos de Borbén, serán financiadas polo Concello:

Organismo	Achega	%
Concello de Pazos de Borbén	40.149,67 €	100
Total expropiacións	40.149,67 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do Concello de Pazos de Borbén será de 40.149,67 € (o importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberá selle ingresar á Deputación no primeiro trimestre do exercicio correspondente.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan + Provincia, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Pazos de Borbén.



Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRLL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.



Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, aténdese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Pazos de Borbén* co seguinte contido:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP 2702 AMOEDO – OS VALOS DENDE O P.Q. 6+550 ATA O P.Q. 7+980. CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN”.

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Xosé Luciano Otero Camiña, alcalde do Concello de Pazos de Borbén, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.



II.- *Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.*

III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.*

V.- *A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 2702 Amoedo – Os Valos, que transcorre polo Concello de Pazos de Borbén e que ten unha lonxitude de 7.980 m.*

VI.- *A E.P. 2702 que conecta Amoedo con Os Valos é de dobre sentido de circulación e de sección variable. O treito comprendido entre o P.Q. 6+550 e o P.Q. 7+980 atópase na saída do núcleo de Alvite e termina na zona de Os Valos discorrendo a meirande parte do treito por zona de monte, e presentando a estrada dobre sentido de circulación cun ancho insuficiente e sen beiravías que afecta á seguridade dos usuarios da vía. A maiores existen algunhas aliñacións curvas moi pechadas que dificultan a circulación cómoda e segura. Adicionalmente, a estrada presenta certo tráfico pesado dado que comunica as instalacións industriais existentes na estrada provincial coa nacional N-550. Debido a situación actual, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP 2702 AMOEDO – OS VALOS DENDE O P.Q. 6+550 ATA O P.Q. 7+980. CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN” para dotar a zona dunha maior seguridade viaria.*

As actuacións propostas teñen por finalidade mellorar a seguranza viaria de tódolos usuarios da vía polo que se proxecta incrementar a sección da estrada, dotándoa de carrís máis amplos e beiravías, con melloras puntuais de trazado, executando tamén unha cuneta transitábel que mellore a eventual mobilidade peonil.



Tendo en conta as características actuais do ámbito das obras descritas, o proxecto contempla, do P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+660, o ensanche da calzada existente e renovación a capa de rodaxe, incluíndo a mellora puntual do trazado. Dende o P.Q. 7+660 ata o final da actuación se contempla a mellora da capa de rodaxe mantendo a sección existente.

Adicionalmente, o proxecto inclúe a execución da rede de recollida de augas pluviais e a canalización para protección de tubaxes existentes de abastecemento de augas. Executarase ademais a renovación da sinalización horizontal e vertical así como a instalación de barreiras de seguridade nos treitos que sexa necesario.

Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pazos de Borbén para a execución do proxecto de “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP 2702 AMOEDO – OS VALOS DENDE O P.Q. 6+550 ATA O P.Q. 7+980. CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN”.

O proxecto establece a mellora das condicións de seguridade mediante o ensanche da plataforma existente e renovación do firme con melloras puntuais do trazado, incluíndo unha cuneta transitable, renovando a sinalización horizontal e vertical e instalando barreiras de seguridade onde sexa preciso. A maiores, o proxecto contempla a execución da rede de pluviais e a canalización para protección de tubaxes existentes de abastecemento de augas.

Segunda.- Importe da actuación.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a setecentos noventa e tres mil setecentos setenta e tres euros con dous céntimos (793.773,02€), máis cento sesenta e seis mil seiscentos noventa e dous euros con trinta e tres céntimos (166.692,33€) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de novecentos sesenta mil catrocentos sesenta e cinco euros con trinta e cinco céntimos (960.465,35€).

Adicionalmente, a estimación do importe das expropiacións necesarias é de corenta mil cento corenta e nove euros con sesenta e sete céntimos (40.149,67€).

Terceira.- Financiamento.

Os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	960.465,35 €	100
TOTAL INVESTIMENTO	960.465,35 €	100



As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras, situadas en Pazos de Borbén, serán financiadas polo Concello:

<i>Organismo</i>	<i>Achega</i>	<i>%</i>
<i>Concello de Pazos de Borbén</i>	<i>40.149,67 €</i>	<i>100</i>
TOTAL EXPROPLACIÓN S	40.149,67 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do Concello de Pazos de Borbén será de 40.149,67 € (o importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberá selle ingresar á Deputación no primeiro trimestre do exercicio correspondente.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan + Provincia, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Pazos de Borbén.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente por parte da Deputación de Pontevedra, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.



Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Pazos de Borbén obrígase a:

- 1) *Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto, a maiores das expropiacións previstas. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 2) *Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fai referencia o apartado 1 anterior.*
- 3) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- 4) *Abonar o importe das expropiacións derivadas do presente convenio, incluídos os posibles incrementos de custo que se produzan nas mesmas durante a tramitación do expediente expropiatorio.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP 2702 AMOEDO – OS VALOS DENDE O P.Q. 6+550 ATA O P.Q. 7+980. CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) *A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.*
- 3) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Pazos de Borbén faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.



Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2025.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Décima.- Resolución.

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei bases de réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local - Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.*
- E demais normativa de obrigado cumprimento*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
Luis López Diéguez,*

*Polo Concello de Pazos de Borbén,
Xosé Luciano Otero Camiña,*

*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay.”*

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.



3.34263.- ACEPTACIÓN DA CONCESIÓN DA AXUDA DO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) PARA A “REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE ENERXÍA FOTOVOLTAICA, PARA O ANO 2024, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027”. (Expte.2024025334)

No expediente consta o informe da xefa do Servizo de Arquitectura que literalmente se transcribe:

[...] *Á vista da Resolución favorable de concesión de axuda emitida polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para a realización de proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2024, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 (código de procedemento INI421S), a xefa do Servizo de Arquitectura emite o seguinte informe:*

ANTECEDENTES

- *O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.*
- *A Axencia Instituto Enerxético de Galicia aproba a Resolución do 7 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2024, susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento IN421S), publicándose no Diario Oficial de Galicia o día 19/03/2024.*
- *A Deputación de Pontevedra desexa solicitar axudas para a Instalación de paneis fotovoltaicos no novo Parque Central de Maquinaria. O obxecto do presente proxecto é engadir unha instalación de produción de enerxía eléctrica, a través de captadores fotovoltaicos, nas instalacións sinaladas.*
- *Polo que respecta ás condicións económicas da Instalación de paneis fotovoltaicos no novo Parque Central de Maquinaria, o seu custe total elixible cuantifícase en 82.522,00 € e a súa clasificación por tipoloxía de gastos detállase na seguinte táboa:*

<i>Instalación paneis fotovoltaicos no novo Parque Central de Maquinaria</i>	
<i>Concepto</i>	<i>Importe</i>
<i>P.E.M. (Orzamento de Execución Material)</i>	<i>53.341,50 €</i>
<i>Gastos Xerais (6%)</i>	<i>3.200,49 €</i>
<i>Beneficio Industrial (13%)</i>	<i>6.934,40 €</i>
TOTAL ORZAMENTO SEN IVE	63.476,39 €
<i>IVE (21 %)</i>	<i>13.330,04 €</i>
TOTAL PRESUPUESTO EJECUCIÓN IVA INCLUIDO	76.806,43 €
HONORARIOS TÉCNICOS	CUSTOS
<i>Honorarios por proxecto, dirección de obras e legalizacións</i>	<i>4.723,61 €</i>
<i>IVA (21%)</i>	<i>991,96 €</i>
TOTAL PRESUPUESTO HONORARIOS IVA INCLUIDO	5.715,57 €
TOTAL PRESUPUESTO CON IVA INCLUIDO	82.522,00€



- *As actuacións realizaranse no ano 2024 con cargo ás súas aplicacións orzamentarias.*
- *Mediante a Resolución Presidencial número 2024003152, de data 19.04.2024, aprobouse a presentación da solicitude de axuda baixo o proxecto denominado "Instalación de paneis fotovoltaicos no novo Parque Central de Maquinaria" ao amparo da Resolución do 7 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2024, susceptible de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 (código de procedemento IN421S).*
- *Con data 19.04.2024 preséntase ante o INEGA a solicitude de axuda para "Instalación de paneis fotovoltaicos no novo Parque Central de Maquinaria".*
- *Con data 01.08.2024 o INEGA remite requirimento de documentación en relación coa solicitude de axuda presentada.*
- *Con data 13.08.2024 remítese documentación requirida ao INEGA.*
- *Con data 08.10.2024 o INEGA remite Resolución de concesión de axuda para a realización de proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2024, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 (Expediente IN421S-321). O importe da axuda ascende á cantidade de 49.513,20 € (60% do importe total do proxecto).*
- *O cadro financeiro do proxecto, é o seguinte:*

<i>Instalación paneis fotovoltaicos no novo Parque Central de Maquinaria</i>		
<i>CUSTE TOTAL ELIXIBLE</i>	<i>AXUDA MÁXIMA INEGA</i>	<i>APORTACIÓN DEPUTACION DE PONTEVEDRA</i>
<i>82.522,00 €</i>	<i>49.513,20€</i>	<i>33.008,80 €</i>

- *Conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRHL, solicítase con data 14.10.2024 á Intervención da Deputación de Pontevedra o correspondente informe.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- *Resolución do 7 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2024, susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento IN421S).*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS).*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*



- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

CONCLUSIÓNS

O proxecto de Instalación de paneis fotovoltaicos no novo Parque Central de Maquinaria ten como obxecto engadir unha instalación de produción de enerxía eléctrica, a través de captadores fotovoltaicos, nas instalacións sinaladas. Para financiar este proxecto se solicitou unha axuda ao INEGA e o importe restante é financiado pola Deputación de Pontevedra.

Para a execución deste proxecto é necesaria a aprobación do gasto, realizando as operacións de xeración de crédito por importe de 49.513,20 € (que se corresponde c60% do importe total do proxecto) de acordo á subvención concedida polo INEGA mediante Resolución de concesión de axuda para a realización de proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2024, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 (Expediente IN421S-321).

Así mesmo continuarase coa tramitación administrativa para a execución do mesmo de maneira que se acade seu término e xustificación con data 30.09.2025, tal e como se recolle na Resolución de concesión de axuda do INEGA.

Pontevedra, na data da sinatura dixital [...]

De acordo co sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Localis e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefa de Servizo de Arquitectura de data 14.10.2024 e da Intervención Provincial de data 14.10.2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a axuda concedida polo INEGA para a realización de proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2024, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 (Expediente IN421S-321), por importe de 49.513,20 € (60% do importe total do proxecto de Instalación de paneis fotovoltaicos no novo Parque Central de Maquinaria), de acordo coa Resolución, do 08.10.2024, de concesión de axuda para a realización de proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2024, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 e á Resolución do 7 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2024, susceptible de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 (código de procedemento IN421S).



- Aprobar o gasto para o exercicio 2024 cos importes recollidos na seguinte táboa:

Instalación paneis fotovoltaicos no novo Parque Central de Maquinaria		
Total	Axuda concedida INEGA	Aportación Deputación de Pontevedra
82.522,00 €	49.513,20 €	33.008,80 €

- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención concedida.
- Dar traslado do presente acordo á Intervención, o Servizo de Arquitectura e ao Gabinete da Presidencia.

4.34264.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA, DESTINADAS A FINANCIAR O EQUIPAMENTO DE LOCAIS DESTINADOS Á MOCIDADE. (Expte.2024002368)

- ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1º. A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o pasado 26 de abril de 2024, aprobou as bases reguladoras para a concesión en réxime concorrencia non competitiva das subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra destinadas a financiar o equipamento de locais destinados á mocidade, as cales se publicaron no BOPPO nº 86, do 2 de maio de 2024.

Previamente, con data 12 de abril de 2024, Intervención emitira informe favorable (CSV: 2ACQ3HV2KUL5ZWGU) sobre a tramitación do expediente para aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións, e deixa constancia da existencia de crédito dispoñible por importe de 100.000,00€ euros para facer fronte ao gasto con cargo a aplicación orzamentaria 24/233.2310.789.01, emitindo documento RC núm. 202400081345, polo citado importe.

2º. A posta en marcha desta liña específica de subvencións responde á necesidade de que a mocidade que reside nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra dispoña de espazos públicos onde poder reunirse e promover actividades de interese social que redunden en beneficio da comunidade, cumprindo así os obxectivos pretendidos pola Lei de impulso demográfico de Galicia xa citada nos antecedentes.



3º. Establécense como contías máximas dispoñibles para cada concello as detalladas no Anexo I das bases reguladoras (CSV: CYWS7NB63BIIMN0H).

Os concellos destinatarios deberán achegar como mínimo un 20% do custo total da actuación subvencionable.

De existir remanente, este será redistribuído de forma proporcional entre todas as entidades solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria, e que acrediten que a aportación propia á inversión supera o 30% do custo total, no caso de concellos de reto demográfico e o 40% no resto de concellos.

As contías destinaranse a gastos de investimento, segundo se establece na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

4º. A os efectos de esta convocatoria, enténdese por “local destinado á mocidade”, aquel que sexa de uso exclusivo para actividades desenvolvidas pola xuventude, ou aqueles destinados a usos compartidos sempre que se acredite o seu uso pola xuventude de xeito continuado ao longo do ano, cunha ocupación mínima de 1 día á semana.

Serán subvencionables os gastos ou custos relacionados a continuación en inmobles de titularidade do concello solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por calquera título válido en dereito, cun período de cesión por un mínimo de 5 anos seguintes á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Poderán subvencionarse ao abeiro desta convocatoria as seguintes actuacións:

- Adquisición de equipamentos inventariables necesarios para o funcionamento do local destinado a uso pola mocidade: a adquisición de equipamento e mobiliario básico, equipamento de oficina, equipamento informático e equipamento acústico e audiovisual.
- Outro material inventariable que contribúa á mellora das dotacións e equipamentos dos locais para o uso da mocidade.

Non serán subvencionables os gastos de inversión en obra ou reforma, adquisición de locais, nin gastos correntes de mantemento, tales como material funxible, auga, luz, teléfono, alugueiros de locais, telefonía e calquera outros de similar natureza.

As actuacións financiadas deberán executarse dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024.

5º. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, rexistráronse un total de 24, das cales unha delas aparece duplicada (expediente 2024031965, concello de Vilaboa).

6º. A instrución do procedemento de concesión correspondeulle á Xefatura do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, que realizou de oficio cantas actuacións estimou necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, examinando as solicitudes e a documentación presentadas, requirindo ás entidades solicitantes a emenda de defectos ou omisións observados.



7º. A xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, con data 9 de outubro de 2024, formula proposta de resolución, que figura asinada no expediente con (CSV): SJX3GC94V7CGSX9T.

8º. Con data 9 de outubro de 2024, Intervención emite informe favorable de fiscalización, onde se indica que “(...) Na aplicación orzamentaria 23/233.2310.789.01 do vixente Orzamento Provincial, existe crédito autorizado para facer fronte a este gasto (Doc. A nº 202400096612 por importe de 100.000,00 €). O órgano competente para a concesión das subvencións e a disposición do gasto é a Xunta de Goberno, segunda as bases aprobadas para a execución do vixente Orzamento Provincial (...)”.

O acordo de concesión da subvención comprenderá como mínimo a identificación do concello beneficiario, o orzamento subvencionable, a contía da subvención e as obrigas que lle corresponden como beneficiario, ademais do prazo de execución.

• **LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia
- Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Ordenanza xeral de subvencións da deputación de Pontevedra
- Bases de execución do Orzamento provincial vixente

De acordo có exposto, e ao amparo do artigo 36.1.d, da Lei de Bases de Réxime Local, no que se establece que son competencias propias das Deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da Provincia, así como tamén o establecido no artigo 109.1.d, e 118 d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

I.- Conceder subvención para financiar o equipamento de locais destinados á mocidade aos concellos de menos de 20.000 habitantes que figuran na proposta de resolución do Servizo de Xuventude e Reto demográfico (CSV): SJX3GC94V7CGSX9T , polo importe que se indica para cada unha delas, e cuxo importe total ascende á cantidade de 51.007,57 €, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 24/233.2310.789.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2024.

II.- Notificar o presente acordo aos concellos interesados. As actuacións financiadas deberán executarse dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024 e o prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 28 de febreiro de 2025.



5.34265.-

APROBACIÓN DOS PROXECTOS DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DO IDAE NÚM. PRD5000-2021-000380 “INSTALACIÓNS XEOTÉRMICAS SOSTIBLES II” DENTRO DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA INVERSIÓNS EN PROXECTOS SINGULARES LOCAIS DE ENERXÍA LIMPA DE MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000) NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.”(Expte. 2024045467)

Con data 03/10/24 a Xefa do Servizo de Cooperacións cos Municipios e a Deputada Delegada de ditaron providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación da instalación dun sistema de aproveitamento xeotérmico e obras asociadas para a xeración de enerxía térmica de calefacción e refrixeración na casa do concello de A Cañiza e no centro sociocultural de a Illa de Arousa, actuacións incluídas dentro do proxecto denominado Instalacións xeotérmicas sostibles II (PR-D5000-2021-000380) presentado ao IDAE programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de acordo co seguinte detalle:

Denominación	Orzamento execución material (O.E.M)	Gastos xerais (13%)	Beneficio industrial (6%)	Orzamento base de licitación (PEM+GG+BI)	Orzamento execución por contrata (OBL+I.V.E)
Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia na casa do concello de A Cañiza.	148.300,00 €	19.279,00 €	8.898,00 €	176.477,00 €	213.537,17 €
Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia no centro sociocultural de A Illa de Arousa	119.100,00 €	15.483,00 €	7.146,00 €	141.729,00 €	171.492,09 €
				318.206,00 €	385.029,26 €

De conformidade co previsto na providencia de inicio do expediente e tendo en conta a definición do obxecto do contrato así como os códigos CPV indicados para a definición do mesmo:

- 45251141-1 Traballos de construción de centrais xeotérmicas;
- 45120000-4 Traballos de perforación e sondeo;
- 45300000-0 Traballos de instalación en edificios;
- 45220000-5 Obras de enxeñería y traballos de construción



O contrato cualifícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración. Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo esta a de subministración.

De conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

Á vista do exposto, polos técnicos Aurora M^a Álvarez Lago, Licenciada en Ciencias Xeolóxicas e Sandra Martínez Mariño, Enxeñeira da Enerxía da empresa Ingeniería Solar y Geotérmica S.L. (ISOLGEO) (B-B27881895), adxudicataria do contrato de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos do Proxecto IDAE num PR-D5000-2021-000380 Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos concellos de *A Cañiza* e *A Illa de Arousa* dentro do programa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, redactouse o correspondente proxecto de obra cos csv seguintes:

Denominación	Proxecto (csv)
Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia na casa do concello de A Cañiza.	ZAWNQB7LV3MSJ6DK
Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia no centro sociocultural de A Illa de Arousa	FPGMDUN4ZYKNU8U1

Visto o informe de supervisión do proxecto emitido polo técnico facultativo do Servizo de Cooperación (csv 0ZQUAB8KTVF6B5O5).

Visto o informe favorable de fiscalización do correspondente proxecto emitido pola Intervención con data 14/10/2024 co csv 7333UP2HQLLBE8NC.

Asímesmo respecto ao financiamento infórmase que “Na aplicación orzamentaria 24/942.1700.652.15, dentro do proxecto de gastos código nº 922_0006_A Cañiza existe crédito retido por importe de 213.537,17 € e na aplicación orzamentaria 24/942.1700.652.15, dentro do proxecto de gastos código nº 922_0007_ A Illa de Arousa, existe crédito retido por importe total de 171.492,09 €, mediante documentos RC nº202400220538 e nº 202400220541.”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do



Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o proxecto correspondente a “Instalacións dun sistema de aproveitamento xeotérmico e obras asociadas para a xeración de enerxía térmica de calefacción e refrixeración na casa do concello de A Cañiza e no centro sociocultural de a Illa de Arousa, actuacións incluídas dentro do proxecto denominado “Instalacións xeotérmicas sostíbles II” (PR-D5000-2021-000380) presentado ao IDAE programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia” co seguinte detalle:

Denominación	Proxecto (csv)
Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia na casa do concello de A Cañiza.	ZAWNQB7LV3MSJ6DK
Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia no centro sociocultural de A Illa de Arousa	FPGMDUN4ZYKNU8U1

6.34266.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A “ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO INTEGRAL DOS SISTEMAS DE VIDEOVIXILANCIA, CONTRA A INTRUSIÓN E CONTROL DE ACCESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2024052159)

A Deputación de Pontevedra conta cun amplo sistema de seguridade implementado na totalidade das súas sedes. Está conformado por un sistema de videovixilancia baseado na mesma solución software á que se conectan todas as cámaras e gravadores instalados baixo o amparo de protocolos estándar de comunicación.

Así mesmo, tamén se conta cun amplo sistema contra intrusión despregado por todas as sedes pertencentes á Deputación de Pontevedra e un sistema de control de accesos físico instalado en varios dos edificios. A solución de control de accesos tamén corresponde a unha arquitectura centralizada baseada nun software común. Todos os elementos que integran a solución de control de accesos traballan sobre protocolos estándar da industria.

O xefe do servizo informa que a presente licitación marca o obxectivo de establecer unha nova contratación para os servizos de soporte e mantemento integral dos actuais elementos do sistema de videovixilancia, en adiante CCTV, dos sistemas contra intrusión e do sistema de control de accesos. Así mesmo, contéplase a conexión coa Central Receptora de Alarmas, en adiante CRA, durante o período de soporte e mantemento contemplado na presente licitación.



Os servizos de soporte e mantemento que son obxecto da presente licitación deben rexerse polo detallado no apartado “5 DESCRIPCIÓN DETALLADA DO SERVIZO” do Prego de Prescricións Técnicas (PPT) e de acordo coa normativa vixente de Seguridade Privada, detallada no apartado “8 NORMATIVA VIXENTE” tamén do PPT.

Os elementos a manter figuran no apartado “9 ANEXO I INVENTARIO E LOCALIZACIÓNS” do PPT.

Todos os sistemas instalados cumpren co establecido na Orde INT/316/2011, de 1 de febreiro, sobre o funcionamento dos sistemas de alarma no ámbito da seguridade privada, e conforme ao establecido nos artigos 2 e 3 sobre os graos de seguridade dos sistemas e o material aprobado; ademais da norma UNE-EN 50131-1 na que se establecen os graos de seguridade dos sistemas en función do risco e das características do lugar onde se efectúa a instalación; e as normas UNE-EN 50130, 50131, 50132, 50133, 50136 e a norma UNE CLC/TS 50398, no que describen as características técnicas que deben cumprir os dispositivos instalados. Debido a isto, todos os sistemas cos que conta a Deputación de Pontevedra poden ser conectados cunha CRA.

Asímesmo, con obxectivo de garantir unha prestación de servizo profesionalizada de acordo aos procedementos de actuación e as boas prácticas definidas e ou recomendadas polo fabricante, a empresa licitadora deberá de dispoñer dunha relación de partner co actual fabricante dos equipos e dispositivos, neste caso Avigilon e Dorlet, que lle acredite para levar a cabos os servizos requiridos neste contrato.

A Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente este servizo xa que non conta con persoal especializado nesa materia, ademais de non poder contar ca opción de reparación ou substitución de pezas. En canto a opción de non ampliar o equipo do servizo para tal fin hai que considerar que si se externaliza conseguiríase un servizo de soporte técnico 24x7x365 (calquera hora do día, durante os 365 días do ano), algo que de realizarse con medios propios sería moito máis custoso, motivo polo que é necesario acudir a unha contratación externa.

O orzamento base de licitación para dous anos de contrato (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 111.406,04€ que se adecúa aos prezos do mercado.

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación.

Con data 14/10/2024, o Xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que se xustifica que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo de servizos así como a elección do procedemento de adxudicación aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo).



Resultando que a Intervención emite documento de retención de crédito RC número de operación 202400183012 por importe de 13.925,75€ con cargo a aplicación orzamentaria 2024/926.9260.227.23 (3 meses) e RC FUT num 20240018313 por importe de 55.703,02€ con cargo a aplicación 2025/926.9260.227.23. Os importes correspondentes as anualidades 2025 e 2026 (41.777,27€ 9 meses) quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 27/08/2024 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 9/09/2024 e as observacións contidas no mesmo co csv DB10HCUFD13A5PYP.

Visto que con data 10/09/2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 14/10/2024 coas seguintes observacións e recomendacións:

“No acordo de adxudicación do contrato, deberán reaxustarse os importes correspondentes ás anualidades tendo en conta, a data de formalización do mesmo”.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do Servizo de soporte e mantemento integral dos sistemas de videovixilancia, contra intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra, para dous anos, cun orzamento base de licitación de 111.406,04€ (21% de IVA engadido).

O valor estimado do contrato para dous anos de contrato máis unha prorroga de dous anos ascende a cantidade de: 184.142,2€.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: X3POH5S319VTSS2W) e de prescricións técnicas (CSV: OK0K040O3DI5CC5I) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto por importe total de 111.406,04€ de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024 (3 meses)	24/926.9260.227.23	13.925,75€
2025	25/926.9260.227.23	55.703,02€
2026 (9 meses)	26/926.9260.227.23	41.777,27€
	Total	111.406,04€

5.- Nomear responsable do contrato ao xefe do servizo de Novas tecnoloxías ou persoa en quen delegue.

6.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



7.34267.-

APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO SISTEMA DINÁMICO DE “ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR SERVICIOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCUADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS”. (Expte.2022015213)

Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, nas súas sesións ordinarias do día 23 de setembro de 2022, 14 de outubro de 2022, 10 de febreiro de 2023 e 17 de febreiro de 2023, acordou admitir ás empresas Gráficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780), Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469), Taktika Comunicación S.L. (CIF: B36852846), Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871), Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703), Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) e Grafo, S.A. (NIF A48203996) nas categorías I e II do Sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.

Tendo en conta que as empresas admitidas formalizaron o contrato en documento administrativo cunha duración inicial que comezará tras a finalización da primeira selección, unha vez publicada a formalización, e ata o 31 de decembro de 2023, establecéndose a posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración.

Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 26 de maio de 2023 acordou declarar o abandono da empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) nas categorías I e II do Sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros. No obstante, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2023, acordou admitir novamente á empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) nas categorías I e II deste Sistema dinámico de adquisición.

Por outro lado, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, aprobou a primeira prórroga do “Sistema Dinámico de Adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros”, durante o período que vai desde o 01 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, nas súas sesións ordinarias do día 12 de xaneiro de 2024 e día 18 de marzo de 2024, acordouse admitir á empresa Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493) e á empresa Bolfer, S.L. (NIF B36004943) nas categorías I e II deste Sistema dinámico de adquisición.

Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, nas súas sesións ordinarias do día 2 de abril de 2024 e do día 12 de abril de 2024 acordou declarar o abandono da empresa Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) e da Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (NIF: B96472469), nas categorías I e II do Sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.



Visto o informe do responsable do sistema dinámico de adquisición, de data 27 de setembro do 2024 (CSV: 91SD34OAR1N4AF4L), de acordo o cal na actualidade a execución do sistema dinámico de adquisición vense desenvolvendo de acordo co pactado, e segundo o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte das empresas participantes no SDA que xustifiquen a improcedencia da prórroga.

De conformidade coa cláusula 4 do prego de cláusulas económico administrativas, o Sistema Dinámico de Adquisición prevé a posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración.

Tendo en conta o artigo 29.2 LCSP, que permite que o contrato poda prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Así mesmo, establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato ás empresas adheridas ao sistema dinámico de adquisición en data 19 de setembro de 2024 (data de comparecencia: 19/09/2024 e 20/09/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do sistema dinámico de adquisición.

Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 08 de outubro do 2024 (CSV: M6M3VJCTUD1PAX16), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do sistema dinámico de adquisición, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encuadernación e distribución de libros por unha anualidade, desde o 01 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xaneiro de 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a).



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga do “Sistema Dinámico de Adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encuadernación e distribución de libros” do que forman parte as empresas Gráficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780), Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846), Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871), Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703), Grafo, S.A. (NIF A48203996), Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493) e Bolfer, S.L. (NIF B36004943) nas categorías I e II deste sistema dinámico de adquisición, durante o período que vai desde o 01 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

A adxudicación dos contratos específicos que deriven deste sistema serán financiados con cargo ás respectivas aplicacións orzamentarias segundo o centro xestor de que se trate, previa licitación e acreditación da existencia de crédito.

Nos expedientes que se tramiten anticipadamente, a adxudicación queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no respectivo orzamento para garantir as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

O SDA non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos específicos que se adxudiquen no marco deste sistema.

8.34268.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN DE REACTIVOS PARA O LABORATORIO DA FINCA MOURISCADÉ”. (EXPTE.2022059153). (CONTRATACIÓN)

Na sesión ordinaria do día 24 de xaneiro de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato que rexe a subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscadé ás seguintes empresas, en cada un dos lotes, polos prezos e valores reflexados no citado acordo:

- Lote 1 e 2: COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)
- Lote 3: BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A28664589)
- Lote 4: CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023)

O contrato formalizouse en documentos administrativos de data 17 de febreiro do 2023, sendo o prazo de duración do contrato desde a data de formalización do contrato ata o 31 de decembro de 2024, e establecéndose a posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

Con data 18 de setembro de 2024, a xefa do servizo de Medio Ambiente, coa conformidade do deputado delegado, emite informe (CSV: YUBQ40BR5DCQSVF8), no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025.



Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formularon os preavisos de prórroga de todos os lotes do contrato en data 18 de setembro de 2024, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 25 de setembro do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a realización de previsión futura de retención de crédito para atender ás obrigas económicas que resulten das subministracións que se realicen ao abeiro da prórroga deste contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 08 de outubro do 2024 (CSV: 4N8X4XR4TFPXS2D5), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de Subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade por un ano, desde o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xaneiro do 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato para a *“Subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade”* suscrito para o lote 1 e 2 coa empresa COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479), para o lote 3 coa empresa BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A28664589) e para o lote 4 coa empresa CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023), durante o período que vai dende o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Lote	Importe total (co IVE)
2025	25/410.4120.221.06	Lote 1	54.723,08 €
		Lote 2	35.612,86 €
		Lote 3	55.029,35 €
		Lote 4	9.742,19 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2025 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

9.34269.- APROBACIÓN DUN SISTEMA DINÁMICO DE “ADQUISICIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO RESTRINXIDO PARA CONTRATAR A SUBMINISTRACIÓN DE EMBRIÓNS BOBINOS DE ALTO VALOR XENÉTICO PARA A GANDERÍA DA FINCA MOURISCADÉ”.
(Expte.2024062361)

A Deputación de Pontevedra, co obxectivo de potenciar e mellorar o sector agrícola e gandeiro, dada a súa importancia económica no norte da provincia, conta coa Finca Mouriscadé situada no termo municipal de Lalín.

Nas actividades que se desenvolven na Finca de Mouriscadé perséguese mellorar as condicións dos gandeiros, cooperativas agrogandeiras e empresas do sector na provincia. A competencia na que se ampara a Deputación para esta contratación é a da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, artigo 36, apartado d) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 109, apartado d) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

Un dos obxectivos do centro é mellorar a calidade das explotacións gandeiras da provincia a través do servizo de transferencia embrionaria. Este servizo de transferencia de embrións lévase a cabo mediante a extracción de embrións dos animais que hai na propia finca, debido a que son de alta cualificación xenética, e implántanse nas explotacións gandeiras da provincia que así o requiran. O dispoñer de animais posibilita o desenrolo de programas con entidades públicas e privadas ou estudos na planta experimental de Biogás.



O programa de mellora xenética desenvolvido na Finca Mouriscade ten como finalidade mellorar as condicións do sector facilitando a fixación de poboación no rural ó facer explotacións cada vez máis eficientes produtivamente e sostibles medioambientalmente, diminuindo a pegada de carbono. Este programa lévase prestando dende fai moitos anos polo que existe unha estreita relación entre gandeiros, cooperativas e empresas do sector, podendo anticipar e adaptar o programa as cambiantes necesidades do sector.

A necesidade e idoneidade deste contrato ben determinado polas características do propio mercado dos embrións bovinos, que funcionando como unha especie de “bolsa de valores”, no que tanto propietarios dos animais como empresas intermediarias, ofrecen estes embrións, moitas veces antes de que se teñan fisicamente, pechando a venda en días o incluso horas, precisando unha ferramenta que aporte certa axilidade para formalizar a compra con éxito.

O servizo de contratación en prol de conseguir unha mellor eficiencia nos recursos públicos e dentro dunha estratexia que conleva unha planificación dos contratos e a procura de solucións, proxecta implementar para esta necesidade un sistema dinámico de adquisición enmarcado dentro da sección 3ª, do Capítulo II, racionalización técnica da contratación, do Título I do Libro II.

Visto o informe favorable emitido pola Secretaría Xeral con data 02/10/2024 csv 9HV3YZUCUK0A91QW. Con data 09/10/2024 a Intervención informa favorablemente o expediente, poñendo de manifesto as seguintes observacións:

“Apesares de que non se ten achado no expediente uns PPT que recollan os contidos mínimos definitorios das prestacións, no prego cláusulas económico-administrativas particulares veñen detalladas as categorías das subministracións a contratar e recóllese que cada contrato específico que se pretenda adxudicar no marco do presente SDA será obxecto dunha licitación onde se describirá con precisión as características.”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.

Considerando.- Que o artigo 223 da Lei 9/2017, sinala os órganos de contratación poderán articular sistemas dinámicos de adquisición de obras, servizos e subministracións de uso corrente cuxas características, xeralmente dispoñibles no mercado.

Considerando.- Que o artículo 224 e 226 da LCSP, determina que para contratar no marco dun sistema dinámico de adquisición seguiranse as normas do procedemento restrinxido, sendo obxecto de licitación cada contrato que pretenda adxudicar.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 17.1, que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministradores cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Aprobar o expediente para implementar un sistema dinámico de adquisición para contratar a Subministración de embrións bovinos de alto valor xenético para a gandería da Finca Mouriscade.
- 2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación (CSV: VTLKP92L4EXHFKNR).
- 3.- Iniciar a Fase I do SDA e selección de candidatos, concedendo un prazo para solicitar adhesión das empresas ó sistema, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- 4.-Delegar na mesa de contratación a calificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos e selección dos candidatos que poida acceder o SDA.
- 5.- Establecerase como órgano de contratación dos contratos específicos, para a remisión da invitación de licitación e posterior adxudicación, ao órgano competente para autorizar e dispoñer o gasto de conformidade coas Bases de Execución do Orzamento.

10.34270.- ADXUDICACIÓN DUN CONTRATO BASEADO NO LOTE 1 DO ACORDO MARCO 08/2021 DO SISTEMA ESTATAL DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA, PARA A “SUBMINISTRACIÓN DUNHA SOLUCIÓN PARA O CONTROL DE PRESENZA DOS EMPREGADOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2024031182)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 20/09/2023, aprobou o expediente para a contratación, mediante un contrato baseado no Lote 1 do Acordo Marco 08/2021 do sistema estatal de contratación centralizada, da subministración dunha solución para o control de presenza dos empregados da Deputación de Pontevedra, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados dende o seguinte ao do envío das invitacións para a presentación de ofertas, que se produce con data 24/09/2024.



Recibidas as invitacións, os seguintes licitadores remiten por correo electrónico ó servizo de Contratación da Deputación de Pontevedra a súa renuncia a presentar oferta a este procedemento, conforme co especificado no citado Acordo Marco:

- ATOS IT SOLUTIONS AND SERVICES IBERIA, S.L. (B85908093)
- BECHTLE DIRECT, S.L.U. (B83029439)
- EULEN SEGURRIDAD, S.A. (A28369395)
- INETUM ELECTRONIC SECURITY, S.A. (A02781904)
- P&V, S.L.U. (B78668571)
- SABICO SEGURIDAD, S.A. (A20202487)
- SIADDE SOLUCIONES, S.A. (A81286759)
- SICOR SEGURIDAD EL CORTE INGLÉS, S.L. (B84128032)
- SURESTE SEGURIDAD, S.L.U. (B30376982)
- TRABLISA INTEGRATED SECURITY, S.A. (A61213989)
- UTE ALTA TECNOLOGÍA PARA LA SEGURIDAD – GARDA SERVICIOS DE SEGURIDAD III (U10908333)
- UTE DETECCIÓN, TECNOLOGÍA Y CONTROL, S.L. – ROVIA SUMINISTROS ELÉCTRICOS, S.L. (U10943967)
- UTE NOVATION IT SYSTEMS – NOVATIONS SECURITY SYSTEMS SEGURIDAD (U72690274)
- UTE UBERCROS SEGURIDAD, S.L. – ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A.U. (U72683519)
- VIBA SEGURIDAD INTELIGENTE, S.L.U. (B86911518)

Rematado o prazo de presentación de ofertas, con data 07/10/2024, procédese á apertura electrónica e calificación dos sobres correspondentes coa documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras. A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas.

As seguintes empresas non presentaron oferta nin comunicaron a súa renuncia:

- ADELL BOLDE SEGURIDAD I, S.L. (B60214095)
- CHUBB IBERIA, S.L. (B82844358)
- INNOVACIÓN GLOBAL DE SEGURIDAD, S.A. (A86376803)

Os seguintes licitadores presentaron no sobre electrónico a súa renuncia a presentar ofertas a este procedemento:

- LÍNEAS Y CABLES, S.A. (A28552149)
- PROSAC PRODUCTOS, S.L. (B87853230)
- SEGURIDAD INTEGRAL SECOEX, S.A. (A06072979)
- UTE TRC INFORMÁTICA, S.L. – TRC SISTEMAS SEGURIDAD, S.L. (U10909489)



As empresas admitidas no procedemento foron as seguintes:

- MHP SERVICIOS DE CONTROL, S.L. (B35664879)
- SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. (A79252219)

Os valores ofertados polas empresas admitidas foron os seguintes:

MHP SERVICIOS DE CONTROL, S.L. (B35664879)

	Sistemas de control	Soporte e mantemento	Instalación avanzada	TOTAL
Prezo ofertado sen IVE	209.547,55 €	21.772,03 €	10.886,02 €	242.205,60 €
IVE (0%) *Non suxeita ó imposto	-	-	-	-
Prezo total ofertado	209.547,55 €	21.772,03 €	10.886,02 €	242.205,60 €

SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. (A79252219)

	Sistemas de control	Soporte e mantemento	Instalación avanzada	TOTAL
Prezo ofertado sen IVE	210.693,37 €	21.891,08 €	10.945,55 €	243.530,00 €
IVE (21%)	44.245,61 €	4.597,13 €	2.298,56 €	51.141,30 €
Prezo total ofertado con IVE	254.938,98 €	26.488,21 €	13.244,11 €	294.671,30 €

A continuación, procedeuse á valoración das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas, de conformidade co criterio único do prezo e das fórmulas establecidas no documento de segunda licitación, obtendo MHP SERVICIOS DE CONTROL, S.L. (B35664879) a maior puntuación, sendo polo tanto proposta como adxudicataria do contrato baseado.

Con data 08/10/2024, emítese polo servizo de Contratación o correspondente informe de puntuacións finais.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do



Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato baseado de “Subministración dunha solución para o control de presenza dos empregados da deputación de pontevedra”, á empresa MHP SERVICIOS DE CONTROL, S.L. (B35664879), polos seguintes valores ofertados:

	Sistemas de control	Soporte e mantemento	Instalación avanzada	TOTAL
Prezo total ofertado*	209.547,55 €	21.772,03 €	10.886,02 €	242.205,60 €

*Operación non suxeita ó imposto sobre o valor engadido por atoparse o prestador do servizo fora do territorio de aplicación do mesmo (art. 84.2.a LIVA)

O prazo de duración do contrato será de 4 anos, contados dende a data de formalización do mesmo, sendo os dous primeiros meses o prazo máximo para a entrega das subministracións.
Non se contempla a posibilidade de establecer prórrogas.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse dacordo coa seguinte distribución orzamentaria: 10.091,90 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/926.9260.206.00 do vixente orzamento provincial; 60.551,40 euros con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias dos anos 2025, 2026 e 2027 que serán, no seu caso, a 25/926.9260.206.00, 26/926.9260.206.00 e 27/926.9260.206.00; e 50.459,50 € con cargo á correspondente aplicación orzamentaria do ano 2028 que será, no seu caso, a 28/926.9260.206.00.

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2025, 2026, 2027 e 2028 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias así como á aprobación dos respectivos orzamentos provinciais.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

Os pagamentos realizaranse coa presentación das correspondentes facturas a mes vencido, previa conformidade polo servizo xestor da correcta recepción das subministracións.
Unha vez recibido o hardware e software o servizo xestor levantará un acta de recepción a partir da cal empezarán a facturarse ditas mensualidades.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da



Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024031182	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Damián Rey Rodríguez, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

11.34271.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO LOTE 1 DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN INSTALACIONES FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II CORRESPONDENTES CO EXPEDIENTE PR-D5000-2021-001085 DENTRO DO PROGRAMA DUS 5000 NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA”.
(Expte.2023030782)

Na sesión ordinaria do día 20/10/2023 a Xunta de Goberno acordou a adxudicación do contrato para a Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética de instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia , acordando a adxudicación do lote nº1 á empresa Setga SLU (CIF B-36.699.064), polos prezos e valores ofertados.

Dito lote comprende as seguintes actuacións: Proxecto 1. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do Concello de Forcarei e Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do Concello, Centro de saúde e albergue do Concello de Dozón

O contrato formalizouse en documento administrativo establecéndose un prazo de execución de 4 meses contados desde a data de sinatura da acta de comprobación de replanteo que foi asinada con data 12/04/2024, sendo a data de finalización do contrato o 12/08/2024.



Na sesión do día 09/08/2024 a Xunta de goberno acordou a autorización da suspensión da execución das obras de “Proxecto 1. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do Concello de Forcarei e proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do Concello, Centro de saúde e albergue do Concello de Dozón” (lote 1 do contrato 2023030782), con efectos desde a data de sinatura da acta de paralización o 23/07/2024 e ata que se solucionen as causas que deron lugar a suspensión da execución do contrato e se asine a correspondente acta de inicio. Dita acta de inicio asinouse con data 30/09/2024 polo que a data de finalización do contrato resulta o día 19/10/2024.

Con data 07/10/2024 a empresa Setga SLU solicita mediante rexistro WEB2024062510 a ampliación do prazo de execución do lote 1 do citado contrato por un prazo de 14 días. Xustifica dita petición pola imposibilidade de traballar na cuberta por inclemencias meteorolóxicas desde a reanudación da obra.

Con data 07/10/2024 a Xefa do Servizo de Cooperación, responsable do contrato, informa o seguinte:

“A execución dos traballos estase a retrasar debido a situación imprevista e allea ao beneficiario por mor da situación meteorolóxica actual reflexada no boletín de tempo meteorolóxico con avisos de meteogalicia incluído no expediente con CSV (QB1WPQEKJYKBQ07W).

Ante a demora acumulada debido a esta circunstancia imprevista, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, e non perxudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo en 14 días, sendo deste xeito o 02/11/2024 a data máxima para executar os traballos relativos á execución das actuacións do proxecto PR-D5000-2021-001085.

A ampliación do prazo de execución en 14 días, ata o 02/11/2024, non afecta os obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas. En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización dos prazos máximos. Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do antedito prazo non constitúe un perxuízo a terceiros.”

O artigo 195 da LCSP establece en relación coa resolución por demora e ampliación do prazo de execución dos contratos que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederá dándolle un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedira outro menor. O responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso foi producido por motivos imputables ao contratista.

Visto o informe conxunto do Servizo de contratación, da Secretaría e da Intervención de data 11/10/2024 que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente e non se atopoa inconvinte en autorizar a ampliación do prazo de execución do lote 1 do contrato de Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética de instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia ata o 2 de novembro de 2024.



O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno . O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 19/10/2024.”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a ampliación do prazo de execución do lote 1 do contrato de Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética de instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia formalizado coa empresa Setga SLU (CIF B-36.699.064) ata o 2 de novembro de 2024.

12.34272.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA MONFORTE, S.A.U., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 1 AM “SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULOS SEN CONDUTOR EN RÉXIME DE ALUGUER PARA OS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2021047025). (Devogarán 2024064867)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 30 de xullo de 2021 (CSV.- 3REGM52T096YU3AN), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar os lotes 1 e 3 do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco que regule a “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para dar cobertura ás necesidades dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2020044426).

Dentro deste Acordo Marco, por Resolución Presidencial número RP2021005692, de data 01 de outubro de 2021 (CSV.- KKP KC56YR0T3BJ4A), adxudicouse o Contrato Derivado 05, de dito Acordo Marco (Lote 1. ORAL / 2021047025).

Para responder da realización do Contrato Basado 2021046003, que compuxo este subministro, a entidade mercantil EMPRESA MONFORTE, S.A. (CIF.- A-15.019.243), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polos importes equivalentes ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

EMPRESA	CD	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
EMPRESA MONFORTE, S.A. (A-15.019.243)	2021047025/05	2.224,80€	202100199399	22/10/2021



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o ORAL (CSV.- 5MAYRAAX35ZB36JH), no cal sinala que EMPRESA MONFORTE, S.A., cumpriu satisfactoriamente dito contrato, cumprindo satisfactoriamente a empresa adxudicataria cos obxectos nel previstos sen que resultaran responsabilidades na súa contra, polo que non amosa inconveniente para a devolución desta garantía.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte de *EMPRESA MONFORTE, S.A.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do Contrato Basado número 2021047025 *do Acordo Marco* convocado para regular a contratación da “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para dar cobertura ás necesidades dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. Núm. 2021044426), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil EMPRESA MONFORTE, S.A. (A-15019243), por resultar adxudicataria de dito *Contrato Derivado*:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ASEFA seguros*, por importe de dous mil douscentos vinte e catro euros con oitenta céntimos (2.224,80 €), para responder do (Lote 1. ORAL / CD2021047025), que foi depositada na Tesourería Provincial o 22/10/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100199399.

13.34273.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA AIRA, S.COOP.G., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO ESPECÍFICO SDA “ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADÉ (CATEGORÍA I): SUBMINISTRACIÓN DE MESTURA DE MATERIAS PRIMAS”. (Expte.2024020812) (Devogarán 2024065330)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 16 de febreiro de 2024 (CSV.- LZT7T0HN2YR438SZ), adxudicouse mediante o Sistema Dinámico de Adquisición (SDA) o contrato de “*Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscadé*”. (Núm. Expte. 2023065088).



Por Resolución Presidencial número RP2024003465, de data 26 de abril do ano 2024 (CSV.- 675K8P4GL2VCAG78), adxudicouse o contrato específico para a alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade (categoría I): Subministración de mestura de materias primas no marco do Sistema Dinámico de Adquisición da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade”.

Para garantir a correcta realización deste contrato, a entidade mercantil AIRA, S.COOP.G. (F-27.317.593), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
AIRA, S.COOP.G. (F-27.317.593)	1.965,19€	202400099571	13/05/2024

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Medio Ambiente (CSV.- KO8BGB287P4YFCVZ), no cal sinala que a entidade mercantil AIRA, S.COOP.G. (F-27.317.593), cumpriu satisfactoriamente dito contrato, non incorrendo en anomalía, incidencia ou responsabilidade derivada da execución do mesmo, polo que procede a devolución da garantía definitiva.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 1AI2JG4EZLVZ08YA), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil AIRA, S.COOP.G., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato específico de “Alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade (categoría I): Subministración de mestura de materias primas no marco do Sistema Dinámico de Adquisición da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade” (Núm. Expte. 2024020812), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil AIRA, S.COOP.G. (F-27.317.593), por resultar adxudicataria de dito contrato, que é a seguinte:

- o A constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de mil novecentos sesenta e cinco euros con dezanove céntimos (1.965,19 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 13/05/2024, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202400099571.

14.34274.- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS E DOS DATOS ESTADÍSTICOS DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2024. (Expte.2024024225)

A Deputación de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ven publicando na sección de transparencia da súa páxina web desde o primeiro trimestre do ano 2015 a información relativa ós contratos menores adxudicados así como dos datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público segundo os datos existentes no seu Servizo de Contratación e Patrimonio.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no art. 63.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público desde a entrada en vigor da referida norma publica no Perfil do Contratante a información relativa aos contratos menores adxudicados e a formalización de todos os contratos.

Á vista dos anteditos preceptos legais, o Servizo de Contratación e Patrimonio elaborou os informes: “*Contratos menores adxudicados no terceiro trimestre de 2024*” e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o terceiro trimestre do ano 2024*” que se achegan no expediente.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Queda informada do contido dos informes “*Contratos menores adxudicados no terceiro trimestre de 2024*” (CSV: BMJNALZSSVPKRU5W) e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o terceiro trimestre do ano 2024*” (CSV: PP8UXRAAU7PW9HB9), de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- Ordena a súa publicación na sección de transparencia da páxina web da Institución Provincial.



15.34275.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Exptes.2024067515 e 2024067520)

a) Vista a relación de facturas con número 2024067515, que contén dúas factura e por un importe de 2.830,92€, e con CSV: NCQCY04PG6IVW742, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 10/10/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	2.830,92€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	2.830,92€

B) Vista a relación de facturas con número 2024067520, que contén nove facturas e por un importe de 19.268,01€ e con CSV: KB27DSHO136W9BE6, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 10/10/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	19.391,51€
Descontos do IRPF.....	123,50 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido.....	19.268,01€



16.34276.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (EXPTE. 2024067512) (TESOURERÍA)

Vista a relación de facturas con número 2024067512, que contén dúas facturas e por un importe de 5.343,68 € e con CSV: JVDHGGQ1Q3Y26R6W, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 10/10/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	5.343,68€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	5.343,68€

17.34277.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE DOZÓN Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “SINALIZACIÓN E INSTALACIÓN DE PANEIS INFORMATIVOS EN BENS INMOBLES DE INTERESE MUNICIPAL”, APROBADA AO SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/06/2023 (Exp.te.2023032619)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 10 de marzo de 2023, aprobou as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023 (acordo núm. 2.32380), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 20 de marzo de 2023 (BOPPO núm. 55).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 16 de xuño de 2023 (acordo núm. 4.32753), acordou concederlle ao Concello de Dozón, con CIF: P3601600D, unha achega de 2.905,38€ para o desenvolvemento da actuación da liña B “Sinalización e instalación de paneis informativos en bens inmobles de interese municipal”, con cargo á aplicación 24/332.3322.762.00.2023 do vixente Orzamento provincial.

Rematado, o 30 de setembro de 2024, o prazo establecido para xustificar a axuda concedida, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte do Concello de Dozón, requiríuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).



Con data 7 de outubro de 2024, número de rexistro WEB2024062594, o Concello de Dozón presenta renuncia á subvención concedida no seu día para o desenvolvemento do proxecto de “Sinalización e instalación de paneis informativos en bens inmobles de interese municipal”.

Con data 8 de outubro de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa esta proposta de renuncia, na que solicita a fiscalización do expediente e o conforme da área de Intervención.

Con data 9 de outubro de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- ✓ Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- ✓ Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDDEPO).
- ✓ Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base Reguladora 14ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o Concello de Dozón presenta, o 7 de outubro de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención para a “Sinalización e instalación de paneis informativos en bens inmobles de interese municipal”, ao abeiro da liña B das Subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023.



Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 8 de outubro de 2024 (CSV: MXIK3VSQS3N0DLAE), e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 9 de outubro de 2024 (CSV: STRD62EEWXEZ1VHC), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do *Concello de Dozón* á subvención concedida para a “*Sinalización e instalación de paneis informativos en bens inmobles de interese municipal*”, ao abeiro da liña B das Subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlles traslado do presente acordo ao *Concello de Dozón*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

18.34278.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS (Expte.2024047229)

Dada conta que con data 03/07/2024 (núm. rex. WEB2024044425) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial suscrita por D. Carlos Enrique Borrás Díaz de Rábago en representación de Generali Seguros y Reaseguros S.L.U., por danos en vehículo producidos a consecuencia da colisión contra unha árbore caída sobre a calzada da estrada (PO-305) de Saiar (N-640) a Vilagarcía de Arousa, no Concello de Caldas de Reis, o día 02/11/2023, e que cuantificou economicamente en 2.785,11 €.

Resultando.- Que con data 05/07/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento y Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 16/08/2024, co seguinte contido literal:

Primeiro.- O lugar do sinistro non pertence á rede provincial de estradas (non figura no Catálogo de Estradas da Deputación nin no correspondente Inventario Provincial).



Segundo- A estrada PO-305 Sair (N-640)- Vilagarcía (N-640), forma parte da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (REAGA) segundo o catálogo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.



Catálogo Visual de Estradas

Provincia: Pontevedra

Estrada: PO-305 Sair (N-640) - Vilagarcía (N-640) Treito: 1 0+000 5+940 Int. N-640 Int. N-640

Punto quilométrico: 2 4 300 IR Rede: PC (Primaria Complementaria)

Calzada (m): 12,4 Pendente (%): 4,6 UTM X: 523.850

Nº de Carrís: 4 Radio de Curvatura: 220 UTM Y: 4.715.702

Beiravía Esquerda (m): 0,8 UTM Z: 143

Beiravía Dereita (m): 1

Data da toma de Imaxes: 09/08/2016
Concello: Caldas de Reis

Por tanto o lugar onde aconteceu é competencia da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

María Belén Pampín Camino

Enxeñeiro

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.



19.34279.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA (Expte.2024043745)

Dada conta que con data 18/06/2024 (núm. rex. 2024010214) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Venancio García Fontenla, por danos en vehículo producidos a consecuencia dunha árbore caída sobre a calzada da estrada (PO-301) de Ponte Arnelas (PO-300) a Vilagarcía de Arousa, o día 01/11/2023, e que cuantificou economicamente en 1.404 €.

Resultando.- Que con data 17/07/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento y Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 16/08/2024, co seguinte contido literal:

Primeiro.- O lugar do sinistro non pertence á rede provincial de estradas (non figura no Catálogo de Estradas da Deputación nin no correspondente Inventario Provincial).

Segundo.- A estrada PO-301 Pontearnelas (PO-300)-Vilagarcía de Arousa (PO-549), forma parte da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (REAGA) segundo o catálogo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE		CONDICIÓN DE USO E INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS		Manual	
Provincia	Pontevedra	Estrada	PO-301 Ponte Arnelas (PO-300) - Vilagarcía de Arousa (PO-549)	Treito	1 0+000 6+690 Int. PO-300 en Ponte Arnelas Int. PO-549 en Vilaç
Punto quilométrico	0 + 000	IR		Rede	PC (Primaria Complementaria)
Calzada (m)	10,2	Pendente (%)	-5,1	UTM X	520.058
Nº de Carris	2	Radio de Curvatura	130	UTM Y	4.709.392
Beiravía Esquerda (m)	0			UTM Z	18
Beiravía Dereita (m)	0				<input type="checkbox"/> Liña Referencia

Data da toma de imaxes 08/09/2016
Concello: Vilanova de Arousa

Por tanto o lugar onde aconteceu é competencia da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

María Belén Pampín Camino

Enxeñeiro



Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

20.34280.- *CORRECCIÓN DE ERRO DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 12/07/2024 (ACORDO 29.34044 B) RELATIVO Á “APROBACIÓN DO PROXECTO E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE NÚMERO 2 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2023” (Expte.2024044378)*

Resultando.- Que visto o erro padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno na data 12/07/2024 (número 29-34044 B), de aprobación do proxecto e adxudicación do contrato derivado lote número 2 do acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 4/10/2024 (número de acordo 12.34239), acordou corrixir o erro no acordo da Xunta de Goberno, número 29.34044B, relativo á “Aprobación do proxecto e adxudicación do contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023”.



Resultando.- Que visto o erro padecido no antecitado acordo adoptado pola Xunta de Goberno na data 04/10/2024 (número de acordo 12.34239).

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Deixar sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión do día 04/10/2024 (nº 12.34239) relativo á “ Aprobación do proxecto e adxudicación do contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023”
2. Corrixir o erro padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno na data 12/07/2024 (número 29-34044 B), de aprobación do proxecto e adxudicación do contrato derivado lote número 2 do acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023” no seguinte senso:

ONDE DI:

(...)

2. Autorizar o gasto por importe de 738.228,55 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/2.

3. Adxudicar o Contrato derivado Lote 2 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023” á UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L., (CIF U72478480) por importe de 738.228,55 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle::

Importe	610.106,24 €
IVE (21 %)	128.122,31 €
Importe total	738.228,55 €

DEBE DICIR:

(...)

2. Autorizar o gasto por importe de 738.227,86 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/2.

3. Adxudicar Contrato derivado Lote 2 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023” á UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L., (CIF U72478480) por importe de 738.227,86 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe	610.105,67 €
IVE (21 %)	128.122,19 €
Importe total	738.227,86 €



21.34281.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE DOZÓN AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024014431)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 8 de marzo de 2024, punto núm. 7.33564, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) No caso do *Concello de Dozón*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE DOZÓN					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
5	1 oficial condutor/a forestal e 1 capataz forestal a xornada completa durante 9 meses; 3 peóns forestais a xornada completa durante 6 meses	73.033,29 €	73.033,29 €	0,00 €	73.033,29 €

- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024059539 do 20/09/2024, solicita modificar o acordo de concesión da subvención motivado por no levar a cabo a contratación dos 3 peóns forestais a xornada completa durante 6 meses por circunstancias organizativas do concello.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza. No caso de supoñer unha subvención inferior, poderá destinarse a contía sobrante ao financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar a concesión da subvención ás novas circunstancias tras non levar a cabo a contratación dos 3 peóns forestais a xornada completa durante 6 meses previstos inicialmente, o interesado solicita modificar a solicitude de subvención con respecto á súa petición inicial conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE DOZÓN					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
2	<i>1 oficial condutor/a forestal e 1 capataz forestal a xornada completa durante 9 meses</i>	40.079,43 €	40.079,43 €	0,00 €	40.079,43 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 8 de marzo de 2024, punto núm. 7.33564, no referente á subvención concedida ó Concello de Dozón, CIF núm. P3601600D, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Dozón (P3601600D)	2	<i>1 oficial condutor/a forestal e 1 capataz forestal a xornada completa durante 9 meses</i>	40.079,43 €

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: O0GB5RX343AU9JBR) e do informe de Intervención (CSV: T1B0QSJJQZVAQO71), elévase á Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 8 de marzo de 2024, punto núm. 7.33564, no referente á subvención concedida ó *Concello de Dozón*, CIF núm. P3601600D, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Dozón (P3601600D)	2	<i>1 oficial condutor/a forestal e 1 capataz forestal a xornada completa durante 9 meses</i>	40.079,43 €

O importe restante poderá destinarse o financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena do Plan +Provincia 2024.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



22.34282.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE FORCAREI AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024014380)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 22 de marzo de 2024, punto núm. 6.33532, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) No caso do *Concello de Forcarei*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE FORCAREI					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	<i>1 peón de recollida de lixo e 1 oficial de 1ª albanel a xornada completa durante 7 meses; 2 condutores/as de tractor, 2 peóns forestais e 1 oficial de 1ª albanel a xornada completa durante 6 meses e 2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 4 meses</i>	129.342,66 €	129.342,66 €	0,00 €	129.342,66 €

- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024060402 do 26/09/2024, solicita modificar o acordo de concesión da subvención motivado pola necesidade de reaxustar as duracións dos contratos dos postos de peón de recollida de lixo e de oficial de 1ª albanel, posto que non foi posible a contratación de ambos polo período de 7 meses previstos inicialmente. Así mesmo, solicita incrementar a duración prevista para os postos de peóns de obras públicas.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25^a.1^a das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza. No caso de supoñer unha subvención inferior, poderán destinarse a contía sobrante ao financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar a concesión da subvención ás novas circunstancias tras reducir o período de contratación do peón de recollida de lixo e do oficial de 1^a albanel e incrementar a duración no caso dos peóns de obras públicas, o interesado solicita modificar as duracións dos contratos, o importe do orzamento e o importe da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE FORCAREI					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	<i>1 peón de recollida de lixo e 1 oficial de 1ª albanel a xornada completa durante 6 meses e 7 días; 2 condutores/as de tractor, 2 peóns forestais e 1 oficial de 1ª albanel a xornada completa durante 6 meses e 2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 4 meses e 23 días</i>	129.201,88 €	129.201,88 €	0,00 €	129.201,88 €



A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 22 de marzo de 2024, punto núm. 6.33532, no referente á subvención concedida ó Concello de Forcarei, CIF núm. P3601800J, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Forcarei (P3601800J)	9	1 peón de recollida de lixo e 1 oficial de 1ª albanel a xornada completa durante 6 meses e 7 días; 2 condutores/as de tractor, 2 peóns forestais e 1 oficial de 1ª albanel a xornada completa durante 6 meses e 2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 4 meses e 23 días	129.201,88 €

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: R106EORSQDW8Q6WE) e do informe de Intervención (CSV: N36K95T6B65FD837), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 22 de marzo de 2024, punto núm. 6.33532, no referente á subvención concedida ó *Concello de Forcarei*, CIF núm. P3601800J, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Forcarei (P3601800J)	9	1 peón de recollida de lixo e 1 oficial de 1ª albanel a xornada completa durante 6 meses e 7 días; 2 condutores/as de tractor, 2 peóns forestais e 1 oficial de 1ª albanel a xornada completa durante 6 meses e 2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 4 meses e 23 días	129.201,88 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



23.34283.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓN
OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO PR-D5000-2021-001085
“INSTALACIÓN S FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: INSTALACIÓN S
SOLARES FOTOVOLTAICAS PARA AUTOCONSUMO CONECTADAS Á
REDE EN DIVERSOS EDIFICIOS DOS MUNICIPIOS DE CALDAS DE REIS,
CATOIRA, DOZÓN, FORCAREI E RIBADUMIA”: LOTE 1. MELLORA DA
EFICIENCIA ENERXÉTICA MEDIANTE INSTALACIÓN S SOLARES
FOTOVOLTAICAS. (Expte.2023030782)

No expediente consta o informe da Xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da resolución favorable de concesión da axuda polo IDAE con destino ao proxecto “Instalación s fotovoltaicas sostibles II: instalación s solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia”, e co obxecto de solicitar a modificación do prazo de execución das actuación s obxecto da axuda concedida mediante resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2022027497 e data 09/12/2022, a Xefa de Servizo de Cooperación, emite o seguinte informe:

I. ANTECEDENTES

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou o día 4 de agosto de 2021 (BOE núm. 185) o Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia destinado a municipios de reto demográfico.
- Dentro das competencias que confire a Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80 de 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputación s provinciais está segundo o artigo 36.1.d), “o fomento do desenvolvemento económico e social e a defensa dos intereses peculiares da provincia”.
- Que mediante Resolución presidencial número RP2021006570 de 04/11/2021, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas baixo o proxecto denominado “Instalación s fotovoltaicas sostibles II: instalación s solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia” ao amparo da “Medida 2. Instalación s de xeración eléctrica renovable para autoconsumo, con ou sen almacenamento” do anexo I do Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; destinado a municipios de reto demográfico.
- En data 06/11/2021 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Instalación s fotovoltaicas sostibles II: instalación s solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia”, asignándolle o Rexistro número 202100017465. Tras a súa avaliación, en data 09/12/2022, con rexistro de entrada número 2022027497 recíbese resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo aos fondos NextGeneration -EU por un importe de 134.065,98 euros, asignándolle o número de proxecto PR-D5000-2021 001085.



– Na devandita resolución de concesión da axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:

- Importe da axuda concedida

Conceder á Deputación de Pontevedra, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 134.065,98 €.

- Datos económicos e axuda do expediente por municipio

Municipio	Inversión total admitida (€)	Custo elixible admitido (€)	Custo subvencionable (€)	Axuda proposta (€)
Caldas de Reis	55.823,35	55.823,35	55.568,04	47.232,83
Forcarei	10.759,32	10.759,32	10.759,32	9.145,42
Dozón	21.564,62	21.564,62	20.902,75	17.767,33
Ribadumia	49.591,85	49.591,85	49.591,85	42.153,07
Catoira	21.564,62	21.564,62	20.902,75	17.767,33
Total proxecto	159.303,76	159.303,76	157.724,71	134.065,98

- Execución e xustificación dos investimentos subvencionables:

O prazo máximo para a realización dos investimentos subvencionables e execución do proxecto é de (24) vinte e catro meses desde a data de notificación da resolución de concesión, sendo esta o 9/12/2024.

A xustificación da execución do proxecto e da realización dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto obxecto de axuda debe realizarse ante o Órgano Instructor nun prazo máximo de (2) dous meses contados a partir da data en que expire o prazo máximo de execución, e, en todo caso, con data límite o 30 de novembro de 2025, a partir da cal non poderá aceptarse ningunha nova documentación.

– A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2022, adoptou entre outros, o acordo número 3.32433 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-D5000-2021-001085 “INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia” e concesión de axuda comprometida pola Deputación aso seu abeiro aos concellos beneficiarios. (Expediente 2021052801).

– Con data 20/10/2023 mediante acordo da Xunta de Goberno número 5.33075, adxudicouse á empresa Setga SLU (CIF B-36.699.064) o Lote 1 “Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas I: Proxecto 1. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do Concello do Concello de Forcarei. Proxecto 4. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do Concello, Centro de Saúde e Albergue do Concello de Dozón o contrato para a



subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións fotovoltaicas sostibles dentro do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

- *Con data 14/11/2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e Setga SLU (CIF B-36.699.064), o contrato administrativo para a execución do proxecto.*
- *Con data 12/04/2024 se asina a acta de comprobación de replanteo que marca o inicio das obras, tendo como prazo de execución máximo de 4 meses, rematando este o 12/08/2024.*
- *Con data 23/07/2024, Setga SLU solicita mediante instancia xenérica con rexistro WEB2024048257 a suspensión temporal do contrato por causa de forza maior, debido a la imposibilidade de acceso ás seguintes instalacións: “Casa do Concello”, situada en Avda. Méd. Fernando Martínez Iglesias, 1, 36518 Dozón (Pontevedra) e “Centro de Salud”, situada Avda. Méd. Fernando Martínez Iglesias, 1, 36518 Dozón (Pontevedra) dende o día 22 de xullo de 2024.*
- *Con data 23/07/2024 se asina a acta de paralización das obras polo director de obra César del Río Tapias e do representante de SETGA SLU, Manuel Fernández Rascado.*
- *Con data 30/09/2024 se firma a acta de Reinicio das obras por parte de Setga SLU e o director de obras, fixando así o remate do prazo de execución o día 19.10.2024*
- *Con data 07/10/2024 Setga SLU solicita mediante instancia xenérica e con número de rexistro WEB2024062510 unha ampliación do prazo de execución de 14 días.*

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- *Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)*
- *Bases de execución do presuposto da Deputación para o vixente exercicio.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Competencia:

- *De conformidade co previsto no artigo 17.1 do Real Decreto 692/2021 as condicións iniciais obxecto da resolución de concesión poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas para a execución dos proxectos obxecto de axuda, e que estean motivadas*



por causas técnicas ou doutra índole que impidan ou comprometan a formalización da contratación dos servizos e/o adquisición dos bens correspondentes, así como a execución do proxecto no prazo establecido, todo iso por motivos alleos ou sobrevindos ao beneficiario debidamente xustificadas, e a pesar de adoptarse as medidas técnicas e de planificación que resultasen esixibles. Non poderán admitirse substitucións ou modificacións substanciais do proxecto obxecto de axuda (ampliación do alcance, tipoloxía de actuación, localización) nin modificacións que non obedezan a unha causa técnica ou de contratación ou execución debidamente xustificadas.

- *De conformidade co previsto no artigo 17.2 do Real Decreto 692/2021 A modificación da resolución haberá de ser solicitada, no seu caso, polo beneficiario antes de que conclúa o prazo para a execución do proxecto obxecto de axuda e a decisión sobre a aceptación ou non da devandita solicitude de modificación corresponderá ao órgano concedente, que ditará a correspondente resolución estimando ou desestimando a modificación solicitada.*
- *De conformidade co artigo 18 do Real Decreto 692/2021 o prazo de realización dos investimentos subvencionables e execución dos proxectos obxecto de axuda. O prazo máximo para a realización dos investimentos subvencionables e execución dos proxectos obxecto das axudas reguladas por este real decreto será de vinte e catro meses desde a data de notificación da resolución de concesión.*
- *De conformidade co artigo 19.1 todas as xustificacións de gasto por parte dos beneficiarios acreditativas da realización dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto obxecto de axuda deberán realizarse ante o órgano instructor nun prazo máximo de dous meses contados a partir da data en que expire o prazo máximo para a súa execución establecido respecto diso polo anterior artigo, e, en todo caso, con data límite o 30 de novembro de 2025, data esta a partir da cal non poderá aceptarse ningunha nova documentación.*
- *De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*
- *Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Artigo 36.1.d) da LRBR polo que a Deputación compéetelle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*



- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

Resolución do expediente

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as Deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprometeuse a financiar unha porcentaxe das actuacións.*
- *De conformidade co previsto no artigo 17.1 do Real Decreto 692/2021 as condicións iniciais obxecto da resolución de concesión poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas para a execución dos proxectos obxecto de axuda, e que estean motivadas por causas técnicas ou doutra índole que impidan ou comprometan a formalización da contratación dos servizos e/o adquisición dos bens correspondentes, así como a execución do proxecto no prazo establecido, todo iso por motivos alleos ou sobrevindos ao beneficiario debidamente xustificadas, e a pesar de adoptarse as medidas técnicas e de planificación que resultasen esixibles. Non poderán admitirse substitucións ou modificacións substanciais do proxecto obxecto de axuda (ampliación do alcance, tipoloxía de actuación, localización) nin modificacións que non obedezan a unha causa técnica ou de contratación ou execución debidamente xustificadas.*
- *De conformidade co previsto no artigo 17.2 do Real Decreto 692/2021 A modificación da resolución haberá de ser solicitada, no seu caso, polo beneficiario antes de que conclúa o prazo para a execución do proxecto obxecto de axuda e a decisión sobre a aceptación ou non da devandita solicitude de modificación corresponderá ao órgano concedente, que ditará a correspondente resolución estimando ou desestimando a modificación solicitada.*
- *De conformidade co artigo 18 do Real Decreto 692/2021 o prazo de realización dos investimentos subvencionables e execución dos proxectos obxecto de axuda. O prazo máximo para a realización dos investimentos subvencionables e execución dos proxectos obxecto das axudas reguladas por este real decreto será de vinte e catro meses desde a data de notificación da resolución de concesión.*
- *De conformidade co artigo 19.1 todas as xustificacións de gasto por parte dos beneficiarios acreditativas da realización dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto obxecto de axuda deberán realizarse ante o órgano instructor nun prazo máximo de dous meses contados a partir da data en que expire o prazo máximo para a súa execución establecido respecto diso polo anterior artigo, e, en todo caso, con data límite o 30 de novembro de 2025, data esta a partir da cal non poderá aceptarse ningunha nova documentación.*



III.- CONCLUSIONES:

O proxecto PR-D5000-2021-001085 “Instalacións fotovoltaicas sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia” no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Programa DUS 5000), foi presentado ante o IDAE pola Deputación co obxecto da instalación de solares fotovoltaicas, é dicir, un sistema de xeración eléctrica que transforma a radiación solar en enerxía eléctrica renovable mediante o efecto fotovoltaico, en edificios e infraestruturas públicas.

– A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2022, adoptou entre outros, o acordo número 3.32433 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-D5000-2021-001085 “INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia” e concesión de axuda comprometida pola Deputación aso seu abeiro aos concellos beneficiarios. (Expediente 2021052801).

A contratación da subministración e execución das obras correspondentes ao proxecto PR-D5000-2021-001085 “INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia: LOTE 1. Mellora Da Eficiencia Enerxética Mediante Instalacións Solares Fotovoltaiicas”, estase a retrasar, debido á situación imprevista e allea ao beneficiario por mor da situación meteorolóxica actual, reflexada no Boletín de tempo meteorolóxico con avisos de Meteogalicia incluído no expediente con CSV: QB1WPQEKJYKBQ07W

Sendo esta unha situación imprevista que afecta á contratación da subministración e execución das obras correspondentes ao proxecto PR-D5000-2021-001085 “INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia: LOTE 1. Mellora Da Eficiencia Enerxética Mediante Instalacións Solares Fotovoltaiicas”, polo que se están a producir demoras no calendario de execución dos traballos.

Ante a demora acumulada debido a esta circunstancia imprevista, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo 14 días, regulado no Real Decreto 692/2021, sendo deste xeito o 02/11/2024 a data máxima para executar os traballos relativos á execución das actuacións do proxecto PR-D5000-2021-001085.

A ampliación do prazo de execución en 14 días, ata o 02/11/2024, non afecta os obxectivos perseguidos pola axuda concedida ni afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas.

En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización dos prazos máximos. Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do antedito prazo non constitúe un prexuízo a terceiros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a modificación do prazo de execución dos traballos das actuacións obxecto de axuda do proxecto PR-D5000-2021-001085 “INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia: LOTE 1. Mellora Da Eficiencia Enerxética Mediante Instalacións Solares Fotovoltaiicas”.



IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16^a.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefatura do servizo de Cooperación”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefatura do Servizo de Cooperación de data 07/10/2024, e da Intervención Provincial de data 08/10/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A modificación do prazo de execución dos traballos das actuacións obxecto de axuda do proxecto PR-D5000-2021-001085 “INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia: LOTE 1. Mellora Da Eficiencia Enerxética Mediante Instalacións Solares Fotovoltaicas” cunha ampliación do prazo de execución de 14 días, ata o 02/11/2024.
- Darlle traslado do presente acordo á Intervención Provincial, Contratación, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia.

24.34284.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE ALAMA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (EXPTE.2024003031)(COOPERACIÓN)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO n° 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO n° 2, do 03/01/2024.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 2 de febreiro de 2024, punto núm. 7.33408, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.



3) No caso do Concello da Lama, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DA LAMA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	<i>3 operarios de movemento de terras e 4 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 1 peón operario/a limpeza en xornada de 18,75 h./sem. durante 9 meses e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 25,125 h./sem. durante 9 meses</i>	110.961,00 €	110.961,00 €	0,00 €	110.961,00 €

4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024063318 do 11/10/2024, solicita modificar o acordo de concesión da subvención por cambio de categoría motivado pola renuncia dun operario de movemento de terras en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses e a imposibilidade de cubrir o tempo restante ata a finalización do servizo coas persoas que figuran na listaxe de reserva. Por tal motivo, solicítase que o tempo restante sexa cuberto por un peón forestal co mesmo tipo de xornada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer



prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza. No caso de supoñer unha subvención inferior, poderá destinarse a contía sobrante ao financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar a concesión da subvención ás novas circunstancias tras a renuncia dun operario de movemento de terras e a imposibilidade de cubrir o tempo restante do servizo polas persoas que integran a listaxe de reserva, o interesado solicita modificar a categoría dun operario de movemento de terras pola de peón forestal en xornada de 30 h./sem polo tempo restante ata a finalización do servizo. A modificación non implica variación nin no orzamento nin na subvención concedida, quedando a súa petición conforme a seguinte táboa:

CONCELLO DA LAMA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
10	<i>2 operarios de movemento de terras e 4 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 1 peón operario/a limpeza en xornada de 18,75 h./sem. durante 9 meses; 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 25,125 h./sem. durante 9 meses; 1 operario de movemento de terras en xornada de 30 h./sem. durante 7 meses e 6 días e 1 peón forestal en xornada de 30 h./sem. durante 1 mes e 24 días</i>	110.961,00 €	110.961,00 €	0,00 €	110.961,00 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 2 de febreiro de 2024, punto núm. 7.33408, no referente á subvención concedida ó Concello da Lama, CIF núm. P3602500E, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Lama, A (P3602500E)	10	<i>2 operarios de movemento de terras e 4 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 1 peón operario/a limpeza en xornada de 18,75 h./sem. durante 9 meses; 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 25,125 h./sem. durante 9 meses; 1 operario de movemento de terras en xornada de 30 h./sem. durante 7 meses e 6 días e 1 peón forestal en xornada de 30 h./sem. durante 1 mes e 24 días</i>	110.961,00 €

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: CYN2WRYYM6JYY4PF) e do informe de Intervención (CSV: CAFK3ANRVKZCKAR0), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 2 de febreiro de 2024, punto núm. 7.33408, no referente á subvención concedida ó *Concello da Lama*, CIF núm. P3602500E, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Lama, A (P3602500E)	10	<i>2 operarios de movemento de terras e 4 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 1 peón operario/a limpeza en xornada de 18,75 h./sem. durante 9 meses; 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 25,125 h./sem. durante 9 meses; 1 operario de movemento de terras en xornada de 30 h./sem. durante 7 meses e 6 días e 1 peón forestal en xornada de 30 h./sem. durante 1 mes e 24 días</i>	110.961,00 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



25.34285.- AUTORIZACIÓN PARA A SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO NA OBRA “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN EXPLANADA IGREXA BUDIÑO, IGREXARIO-ESTANCO E CAMIÑO PARADA-CHENLO” INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2023-CONCELLO DE PORRIÑO. (Expte. 2022006056)

Consta no expediente núm. 2023006056, o informe da xefa de servizo de cooperación, de data 15/10/2024, que literalmente di como segue:

“ANTECEDENTES:

En data 14/04/2023, mediante acordo da xunta de goberno núm. 34.32558, concedense ao Concello do Porriño, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 89.667,03 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Melloras da pavimentación en Explanada Igrexa-Budiño, Igrexario-Estanco e camiño Parada-Chenlo” (expte.2023006056), en base a un orzamento polo mesmo importe.

En data 14/10/2024, consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2024063650, dunha instancia xenérica do Concello do Porriño que anexa un novo documento técnico do investimento arriba referido.

Da documentación que obra no expediente, infírese que o cambio de documento técnico ven motivado na necesidade de axustar e readaptar algún dos conceptos subvencionados recollidos no proxecto para dar cumprimento aos condicionantes impostos pola Dirección Xeral de Patrimonio.

Neste contexto, o novo proxecto descritivo das obras a realizar non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, non altera o trazado da obra nin altera o seu custe, permanecendo o importe da subvención concedida invariable.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)*
- *Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio*
- *Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo*



Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e s.s. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- . Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- a. Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- b. Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada. *A solicitude motivada debe presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e non prexudicar dereitos de terceiros.*

CONCLUSIÓN

A normativa en materia de subvencións, tanto estatal, autonómica, como a ditada pola propia Deputación, reflicten como característica diferenciadora a afección da axuda pública ao cumprimento dun obxectivo, neste caso, á execución dun proxecto específico. En consecuencia o interese público perseguido coa concesión da subvención queda delimitado polo propio obxecto da finalidade subvencionable.



Á vista da definición de subvención que ofrecen a LXS ou a LSG, no caso de tratarse dun proxecto de obra, a descrición que este fai das actuacións contidas nel delimita a finalidade subvencionable.

Para a concesión da subvención co obxecto do financiamento do investimento “Mellora da pavimentación en explanada Igrexa Budiño, Igrexario-Estanco e camiño Parada-Chenlo” (Ref. 2023006056) tívoise en conta un proxecto, por importe 89.667,03 euros, que se estimou acaído e suficiente para deducir o seu carácter e a adecuación á convocatoria do PLAN CONCELLOS 2022-2023.

Mais, antes de iniciar a licitación do investimento, xorde a necesidade de axustar algún dos conceptos subvencionados para dar resposta aos condicionantes impostos na autorización outorgada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Visto que o novo documento técnico non altera a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, non modifica o ámbito de actuación da obra, que segue a ser o mesmo, nin prexudica dereitos de terceiros.

Visto que o cambio de documento técnico non altera o orzamento do investimento nin modifica a subvención concedida que permanece invariable en 89.667,03 euros.

Visto que o persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación emitiu, en data 15/10/2024 informe favorable de supervisión e control do proxecto das actuacións a levar a cabo.

Subliñar que o Concello do Porriño dentro dos límites obxectivos, atendendo ás normas de competencia, formalmente e antes de iniciar a execución do investimento, en concreto na data de 16/05/2023, aprobou o proxecto técnico da obra “Melloras da pavimentación en Explanada Igrexa-Budiño, Igrexario-Estanco e camiño Parada-Chenlo” (expte.2023006056), cos cambios suxeridos na autorización sectorial, se ben por un erro administrativo o devandito proxecto non tivo entrada no rexistro da Deputación ata o día 14/10/2024 coa a xustificación do investimento.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación da solicitude do Concello do Porriño, CIF:P 3603900F, a fin de que:

- ✓ *Se acepte o cambio de documento técnico no investimento “Melloras da pavimentación en Explanada Igrexa-Budiño, Igrexario-Estanco e camiño Parada-Chenlo” (expte.2023006056), aos efectos de que se poida validar a documentación xustificativa da obra de referencia nos termos nos que a actuación foi executada polo Concello.*

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da lei 7/21985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade locais, e nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial a competencia para autorizar a substitución do proxecto técnico correspóndelle á Xunta, por ser o órgano que, no seu momento, autorizou e comprometeu o gasto.

Este informe no ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.”



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado e visto informe da Intervención provincial, de data 15/10/2024 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a substitución do proxecto técnico na obra “*Mellora da pavimentación en Explanada Igrexa Budiño, Igrexario-Estanco e camiño Parada-Chenlo*” (2023006056), incluída no Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023.

O cambio de proxecto técnico, xustificado na necesidade de axustar algúns dos conceptos subvencionados recollidos no proxecto técnico, non varia a tipoloxía do investimento subvencionado, non incrementa o custe da actuación ni a contía subvencionada, a cal permanece invariable en 89.667,03 euros.

- Darlle traslado do presente acordo ao *concello do Porriño*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

26.34286.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

27.34287.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “LE CER EN FAMILIA” PARA O ANO 2024 (Expte. 2024023458)

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 3 de maio de 2024, acordou a aprobación das “BASES REGULADORAS DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2024”.

2.- Con data 28 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria, aproba o expediente de contratación, sendo enviado o anuncio de licitación á oficina de publicacións da Unión Europea con data 01 de xullo de 2024, concedendo un prazo de 30 días naturais para a presentación de ofertas, resultando o procedemento deserto ao non existir ningunha oferta presentada en dito prazo.

Diversas empresas do sector interesadas trasladaron que atoparon dificultades para presentar oferta coas condicións exixidas nos pregos.

3.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 6 de setembro de 2024 acordou a aprobación da modificación das bases reguladoras do programa que afectaban a base terceira, quinta, sexta e oitava.



4.- Con data 16 de outubro de 2024, consta no expediente informe asinado polo xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías no que advirte do risco de colapso tanto na Sede Electrónica coma na aplicación de xestión de expedientes atendendo ao criterio de prelación para a adxudicación de prazas da base decimo segunda.

Segundo o informe con CSV: YZ99DBS3YWW09C3A, faise constar o seguinte: “(...) *La priorización por orden de entrada puede dar lugar a una concentración masiva de accesos en momentos específicos, sobre todo el momento de apertura del plazo de presentación, lo que afectará gravemente la capacidad de la infraestructura para gestionar un alto volumen de peticiones simultáneas. Esta sobrecarga puede resultar en tiempos de respuesta excesivamente largos o incluso en la caída temporal del servicio. (...) Conclusión: Desde el servicio de Nuevas Tecnologías se recomienda cambiar el sistema de selección indicado en las bases, que indica que el procedimiento de concesión de plazas se hará atendiendo siempre a la hora y la fecha del registro de entrada, por un procedimiento de concesión de plazas de acuerdo a un sorteo puro entre todas aquellas solicitudes definitivamente admitidas.*”

5.- Co obxecto de ter en conta as recomendacións sobre a avaliación do impacto do programa “Lecer en Familia” sobre o normal funcionamento da sede electrónica e a plataforma de xestión de expedientes, procédese a modificación das mesmas. Os elementos novos afectan á base décimo segunda:

(...)

O procedemento de concesión das 2.957 prazas levarase a cabo de acordo a un sorteo puro (réxime xeral ou especial), entre aquelas solicitudes definitivamente admitidas que cumpran os requisitos establecidos e ata esgotar o crédito previsto para o programa en cada modalidade.

(...)

Con data 17/10/2024 Secretaría Xeral da conformidade a proposta de modificación das bases (CSV 62TSYXMLAFE73MDT). Con data 17/10/2024 o Servizo de Intervención emite informe favorable o expediente (CSV EB3HGU843EC5J9GV).

De cordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a modificación das bases reguladoras do Programa “Lecer en familia” para o ano 2024
Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV): 62TSYXMLAFE73MDT

Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

28.34288.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

